



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA  
ALCALDÍA

## INSTRUCCIÓN DO CONCELLEIRO DE PATRIMONIO RELATIVA AO TRASLADO DO MERCADIÑO DOMINICAL DA PRAZA DA VERDURA Á RÚA SERRA.

O Centro Comercial Urbano Zona Monumental de Pontevedra (en adiante CCUZM) é unha asociación sen ánimo de lucro que reúne aos profesionais e comerciantes do casco histórico e que se constituíu no ano 2003 co obxecto de potenciar o desenvolvemento do comercio local e apoiar e defender aos comerciantes asociados. No seu día esta Asociación tivo a iniciativa de impulsar un mercadiño de antigüidades que ten lugar cada domingo na praza da Verdura, co ánimo de recuperar a vida social do casco histórico e revitalizar a hostelaría das prazas e rúas más senlleiras da cidade.

Ao longo de todos estes anos, o mercado dominical da praza da Verdura veu celebrándose de xeito pacífico, contribuíndo ao dinamismo do noso casco histórico.

Despois de manifestar verbalmente os representantes da CCUZM a conveniencia de trasladar este mercado dominical, con data do 20/11/2015 a dita Asociación solicitou ao Concello o seu traslado á rúa Serra, por seren esta unha zona que necesita tamén a súa revitalización, e xustificando a súa petición no feito de que o obxectivo para o que se estableceu o mercado na praza da Verdura está xa superado.

Unha vez estudada a solicitude efectuada polo CCUZM, considérase conveniente atender á petición do traslado do mercado, polo que o próximo día 22 de novembro de 2015 será o último día que se celebra o mercadiño na praza da Verdura, de xeito que, a partir do domingo día 29/11/2015, o mercado só se poderá instalar na rúa Serra, diante do Mercado de Abastos, debendo deixar libre o acceso aos establecementos que abren o domingo (quioscos, por exemplo).

Transitoriamente, de xeito urxente e mentres se tramita un regulamento no que se determinen os requisitos, condicións e réxime xurídico deste tipo de mercadiño, este rexerase polas seguintes normas:

1.- Inicialmente só poderán establecerse na rúa Serra os vendedores e vendedoras que viñan ofrecendo os seus produtos na praza da Verdura, dedicados á venda de antigüidades e de curiosidades, tales como móbeis, obxectos de decoración, artesanías, pinturas, artigos de colecciónista, filatelia, numismática, discos de vinilo, carteis de festa, tarxetas postais, libros, revistas, tebeos, ferramentas antigas non eléctricas, e outros similares que teñan a condición de artigos de vello ou antigos.

Segundo datos recollidos pola Policía Local, elaborouse unha listaxe das persoas que de xeito habitual instalan os seus postos de venda de antigüidades na praza da Verdura e que reúnen os anteditos requisitos. Calquera persoa non incluída nesa listaxe e que estea interesada en instalar un posto no mercadiño poderá poñerse en contacto coa asociación CCUZM para obter a información que precisen.

2.- Non se permitirá a venda de: roupa, calzado, xoguetes (agás os antigos), produtos alimenticios, gafas, aparatos electrónicos como teléfonos, ordenadores e outros que non reúnan as condicións dos artigos relacionados no punto 1, únicos produtos dos que se permitirá a súa venda.

3.- Non se permitirá que os produtos ofrecidos se sitúen no chan ou no solo, deberán de ofrecerse en mesas ou estantes habilitados, que deberán ter unha dimensión máxima de 2,50 metros de longo.

4.- A descarga para a montaxe dos postos farase entre as 8:30 e as 9:30 horas, e a desmontaxe farase antes das 15:00 horas, debendo quedar o lugar totalmente recollido e sen lixo.

As normas aprobadas nesta instrucción teñen o carácter de transitorias e provisionais, e se ditan co obxecto de garantir a normal celebración do mercadiño, polo que, para acadar esta finalidade, é fundamental a colaboración de todas as persoas interesadas na instalación de postos no mercado dominical de antigüidades.

Por esta razón, daráselle a esta instrución a debida difusión, para o seu coñecemento por todas as persoas que estean interesadas en acudir á rúa Serra os domingos para ofrecer os seus produtos.

Reiterase que o domingo día 22/11/2015 é o último día en que haberá mercandiño de antigüidades na praza da Verdura. O domingo día 29/11/2015 o mercado iniciarase de forma provisional na rúa Serra, cos requisitos e condicións establecidos na presente instrución.

Pontevedra, 20 de novembro de 2011

O Concelleiro de Personal, Régime Interior e Patrimonio.

Vicente García Legistima



\*

